

Santiago de Compostela, febreiro de 2025

Prezado/a veciño/a:

A Cidade Histórica de Santiago de Compostela conta cunha protección especial que supón limitacións ao tráfico rodado, mais, tendo en conta que é unha prioridade a súa revitalización, entendemos que cómpre facer compatible a dinamización económica co respecto ás condicións de habitabilidade e desfrute para a veciñanza e para as persoas que visitan Compostela.

No mandato anterior iniciouse un proxecto dirixido a mellorar a distribución de mercadorías nese ámbito, a construción dunha **plataforma loxística de distribución de mercadorías**, que recibiu a aprobación do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e está cofinanciada con fondos Next Generation. A súa finalidade é facilitar a loxística das actividades comerciais e hostaleiras en xeral, con criterios flexibles e coa implicación e complicidade de todos os axentes.


Para planificar o funcionamento deste ambicioso e transformador proxecto necesitamos, en primeiro lugar, obter datos certos para a diagnose dos diferentes fluxos que converxen cada día na distribución urbana de mercadorías (DUM). O obxectivo de lograr unha imaxe fiel da situación actual que permita definir un modelo eficiente, sustentable e seguro.

Para realizar esa diagnose é imprescindible compilar un conxunto moi grande de información que permita avaliar o mellor posible as necesidades de todo o sector. A realización deste traballo está encargada á empresa pública UNINOVA, que conta coa colaboración de Tema-Iplan Logística para a recollida dos datos mediante unha enquisa que se lle fará chegar presencialmente ou por correo electrónico nos vindeiros días.

Neste proceso queda absolutamente garantida a confidencialidade no tratamento da información, que será usada exclusivamente para a finalidade descrita: realizar un diagnóstico o máis completo posible dos fluxos de mercadorías que se producen na actualidade e das necesidades adicionais, contando coas opinións das persoas e dos axentes implicados.

Para aclararlle calquera dúbida a respecto desta cuestión, quedamos ao seu dispor no seguinte enderezo: info@uninova.gal

Coa seguridade de que contaremos coa súa colaboración, quero transmitirle por anticipado o meu agradecemento e o do Concello de Santiago e enviarlle un saúdo cordial.



Gorette Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela